

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL EN DATA 12 DE AGOSTO DE 2005, RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO ORIBIO, NOS CONCELLOS DE SAMOS E TRIACASTELA (LUGO), PROMOVIDO POLA EMPRESA FERGO GALICIA VENTO, S.L. (CLAVE: 2005/0296).

ANTECEDENTES

Por solicitude da empresa Fergo Galicia Vento, S.L., a Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio de Lugo iniciou o procedemento de autorización administrativa do proxecto de execución dun parque eólico de 39 MW de potencia total nos concellos de Samos e Triacastela (Lugo), constituído por 20 aeroxeradores de 2.000 kW de potencia unitaria.

Na Resolución do 6 de maio de 2004 da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, pola que se publica a relación de solicitudes de autorización para a instalación de parques eólicos admitidas a trámite ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2004, incluíuse o parque eólico Oribio limitando a súa potencia a 25 MW.

Polo anterior, o promotor decide dividir o proxecto en dúas fases de execución, a primeira de 13 aeroxeradores (do A-1 ao A-13) e 25 MW de potencia total (para o que se limitará a potencia do aeroxerador A-13 a 1 MW) e a segunda, con 14 MW de potencia total, composta polos aeroxeradores numerados do R-1 ao R-7. Non obstante, o estudo de impacto ambiental comprende a totalidade do parque, especificando no apartado de descrición do proxecto as instalacións que corresponden a cada unha das dúas fases de execución.

Dentro do procedemento de autorización administrativa do parque eólico, sométese ao trámite de avaliación de impacto ambiental, dado que está contemplado no grupo 9.b.9º do anexo I da Lei 6/2001, de 8 de maio, de modificación do Real Decreto legislativo 1302/1986, de 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.

No anexo I resúmese o contido do proxecto e no anexo II as medidas protectoras e correctoras propostas na documentación avaliada.

Mediante Resolución do 23 de xuño de 2005, da Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio de Lugo (publicada no DOG nº 127, do 4 de xullo de 2005), someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa e declaración de utilidade pública, aprobación do proxecto de execución e proxecto sectorial, e o estudo de impacto ambiental das instalacións que comprende a primeira fase de execución do parque eólico, non constando a presentación de alegacións durante o período de exposición pública.

Posteriormente recíbese na Consellería de Medio Ambiente o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas como órgano substantivo por razón da materia, contendo os resultados de información pública e os informes das Direccións Xerais de Patrimonio Cultural, Conservación da Natureza, Obras Públicas e Turismo, ademais dos emitidos pola Delegación Provincial da Consellería de Sanidade en Lugo e o Concello de Triacastela.

En relación co informe solicitado á Confederación Hidrográfica do Norte, inclúese copia da solicitude inicial e unha reiteración posterior, pero ao non terse recibido no prazo estipulado regulamentariamente o órgano substantivo continuou coa tramitación do expediente.

O expediente contén asemade copia dos escritos e documentación complementaria presentada polo promotor en resposta aos informes emitidos polas Direccións Xerais de Patrimonio Cultural, de Conservación da Natureza e de Turismo, que orixinou novos informes das citadas Direccións Xerais.

Asemade, inclúese un exemplar do documento titulado *“Parque eólico Serra de Oribio. Anexo al proyecto de ejecución. Febrero 2005”* elaborado polo promotor a petición da Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio de Lugo, no que se recolle un lixeiro desprazamento dos aeroxeradores A-1 e A-12 para que se sitúen dentro da poligonal do parque eólico. Estes desprazamentos conlevan o reaxuste da posición doutro máis.

Cumprimentada a tramitación ambiental, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental e no exercicio das competencias que lle concede o Decreto 106/2004, do 27 de maio, formula, aos sóos efectos ambientais, a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) do proxecto do parque eólico Oribio, nos concellos de Samos e Triacastela (Lugo), promovido pola empresa Fergo Galicia Vento, S.L.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental e restante documentación avaliada, tendo en conta que, no caso de que exista contradicción entre o indicado na antedita documentación e o establecido na presente Declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento das anteditas condicións, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, a iniciativa propia ou a proposta do órgano substantivo, poderá ditar, aos sós efectos ambientais, condicionados adicionais aos anteriores.

As condicións establecidas poderán ser revisadas de oficio ou a solicitude do promotor, co obxecto de incorporar medidas que aporten unha maior protección do medio. Ademais desto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins desta. Neste último caso, o promotor remitirá esta solicitude, aportando documentación técnica que xustifique estas medidas, no prazo máximo dun (1) mes despois de lle ser notificada a presente declaración, non podendo comezar as obras antes de contar cunha comunicación desta Dirección Xeral.

1.- ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente Declaración refírese ao proxecto do parque eólico Oribio tal e como ven descrito no estudo de impacto ambiental, e que consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 39 MW de potencia total nos concellos de Samos e Triacastela (Lugo), constituído por 20 aeroxeradores GAMESA G-87 de 2.000 kW de potencia unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM:

Vértice X	Vértice Y
643.500	4.732.000
648.000	4.732.000
648.000	4.730.400
643.500	4.730.400

Tense previsto executar o devandito parque en dúas fases, a primeira de 13 aeroxeradores (do A-1 ao A-13) e 25 MW de potencia total (para o que se limitará a potencia do aeroxerador A-13 a 1 MW) e a segunda, con 14 MW de potencia total, composta polos aeroxeradores numerados do R-1 ao R-7.

A localización dos aeroxeradores e infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no plano **“Situación do futuro parque cos xacementos arqueolóxicos cercanos”** do estudo de impacto arqueolóxico, coas modificacións de posición dos aeroxeradores A-1, A-2 e A-12 (así como o acceso a este último) reflectidas no plano **“Planta general. Plano P 04.1”** do documento **“Parque eólico Serra de Oribio. Anexo al proyecto de ejecución. Febrero 2005”**.

Asemade, se co motivo do procedemento de autorización substantiva da 2ª fase de execución do parque resultase necesario introducir algunha modificación significativa nas infraestructuras ou instalacións de dita fase respecto do establecido na presente DIA será preciso, a efectos ambientais, o informe favorable desta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

2.- CONDICIÓNNS XERAIS

2.1.- Protección da atmosfera

1. Co fin de minimizar a emisión de po á atmosfera, ademais da rega de superficies e demais medidas previstas no estudo ambiental, os camións de transporte de terras e outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou similar.

2.2.- Protección das augas e leitos fluviais

1. Calquera actuación ou afección nas zonas de servidume e policía dos cursos de auga (cruces de viais, gabias de cableado...), así como calquera captación e/ou vertido, precisará da autorización do organismo de conca competente, neste caso a Confederación Hidrográfica do Norte, conforme ao establecido no Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

2. Non se afectarán ou serán repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que poidan atoparse na área de influencia das obras.

3. Evitarase modificar o actual réxime hidrolóxico da zona, permitindo a libre circulación das augas, polo que nos viais de acceso deberán preverse tantas estruturas de drenaxe transversal como valgadas teña o terreo, dimensionándoas de xeito que se evite o efecto presa en épocas de máxima precipitación.

O aporte das augas destas drenaxes cara á rede hidrográfica deberá ser gradual, instalando dispositivos protectores e/ou de disipación de enerxía nas súas saídas e nos puntos onde a auga das cunetas se incorpore ao terreo, co fin de evitar fenómenos erosivos, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.

Tanto na fase de obras como na de funcionamento realizarase un control do correcto funcionamento de ditos dispositivos, así como das condicións de incorporación das augas de drenaxe á rede natural, téndose que adoptar as medidas correctoras oportunas no caso de producirse os citados fenómenos. Para tal fin, levarase a cabo o plan de seguimento hidrolóxico proposto no estudo ambiental.

4. A calidade das augas manterase en niveis óptimos, de xeito que co motivo das obras non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate ausencia de afeccións, levarase a cabo o plan de control proposto no estudo de impacto ambiental.

2.3.- Protección do solo

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO ORIBIO.

PROMOTOR: FERGO GALICIA VENTO, S.L.

EMPRAZAMENTO: CONCELLOS DE SAMOS E TRIACASTELA (LUGO).

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización das infraestructuras e instalacións proxectadas, que se axustará ao establecido nesta Declaración, estando prohibido ocupar terreos fóra dos previstos.

2. A circulación de vehículos e maquinaria no parque, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase aos viais e zonas acondicionadas ao efecto.

3. No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se istos se producen, deberán ser retirados da zona e depositados en emprazamento autorizado.

4. Con carácter xeral, non se efectuarán préstamos na zona, salvo xustificación previa. Nese caso, seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocos serán restaurados ao finalizar a obra.

5. Se se producise deterioro de estradas, camiños ou calquera outra infraestructura ou instalación preexistente debido ás labores de construción do parque, deberá restituírse a súa calidade aos niveis previos ao inicio das obras.

2.4.- Protección da fauna e vexetación

2.4.1.- Sobre a fauna

1. Para levar a cabo as labores de corta e desbroce de vexetación escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións, que se determinarán en función do inventario faunístico incluído no estudo ambiental, implementando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.

2. No caso de que nos viais de acceso sexa preciso instalar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán adoptarse medidas que possibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ao foxo, que poderán consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, nunha rampla de subida ou facer o foxo cun ou os dous laterais abertos.

3. Respecto á avifauna e os morcegos, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia ou non de afeccións sobre os seus efectivos poboacionais e detectar cambios no comportamento e usos do hábitat producidos pola instalación e/ou presenza dos aeroxeradores. A tal fin, levaranse a cabo os plans de seguimento de avifauna e quirópteros propostos no estudo de impacto ambiental.

2.4.2.- Sobre a vexetación

1. No caso de que sexa precisa a corta de arboradura, previamente terá que realizarse a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme ao disposto no Regulamento de Montes.

2. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e

esparexemento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

2.5.- Protección do Patrimonio Cultural

1. No que respecta á protección dos elementos do Patrimonio Cultural, estarase ao disposto pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, tanto no relativo á localización final de infraestruturas e instalacións como ás medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias, as de control e seguimento arqueolóxico e calquera outra a adoptar ao longo das fases de replanteo, de execución de obra e de restitución de terreos, en todo o ámbito do parque eólico.

2.6.- Sobre o Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas na documentación avaliada e no condicionado da Declaración, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se puidesen prever no estudo ou no condicionado da DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos nesta Declaración ou na lexislación aplicable, comunicárase inmediatamente ao órgano substantivo, propoñéndose as medidas correctoras precisas para corrixilas. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Na realización do control e seguimento ambiental terase en conta que:

- Tódalas medicións e/ou analíticas do programa de vixilancia deberán ser realizadas por entidade homologada ou acreditada, e os resultados deberán vir asinados por un técnico de dita entidade.
- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento da presente Declaración, o promotor deberá designar un/s responsable/s do control deste, notificando o seu nomeamento ao órgano substantivo.

3.- CONDICIÓNES ESPECÍFICAS

3.1. Sobre a integración paisaxística

1. Co fin de compensar a incidencia visual do parque eólico, adoptaranse as medidas compensatorias propostas polo promotor e consensuadas coa Dirección Xeral de Turismo, destacando as relativas ao pintado das torres dos aerogeneradores con motivos do Camiño de Santiago, implantación de pantallas vexetais naqueles puntos onde teña lugar o impacto visual da obra proxectada e adecuación dunha sala como aula didáctica da enerxía eólica, entre outras.

Tal e como se sinala no escrito do promotor relativo a estas medidas, levaranse a cabo durante a execución do parque e deberán estar rematadas como máximo 6 meses despois da emisión da acta de posta en marcha do parque.

A implantación das pantallas vexetais, que estarán conformadas por especies autóctonas presentes na zona ou pertencentes a súa serie climática de vexetación, deberá realizarse simultaneamente ao comezo das obras. No caso de que algunha das árbores que conforman as pantallas non prendera ou deixara de cumprir a súa función, terá que ser substituída por outra inmediatamente, asegurando a súa efectividade. Polo tanto, ao longo da fase de obras a implantación desta medida será obxecto de especial seguimento, comprobando a súa funcionalidade, tanto nesta fase como logo na de funcionamento.

En calquera caso, todo o relativo ao desenvolvemento e aplicación de ditas medidas deberá estar consensuado e supervisado pola Dirección Xeral de Turismo.

2. Levaranse a cabo medidas que maximicen a integración paisaxística da subestación transformadora e do edificio de control. A súa tipoloxía construtiva harmonizará coa tradicional da zona e a cor da pintura de exteriores será acorde co contorno e de acabado mate. Asemade, preveranse barreiras vexetais que potencien a súa integración no contorno.

3. Se na zona existisen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico, deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

4. Tódalas superficies afectadas ou deterioradas pola execución das obras (marxes dos viais, contorno das obras de drenaxe, gabias do cableado, plataformas de montaxe, zonas de amoreamento de materiais e de instalacións de obra...) deberán ser restauradas e revexetadas, favorecendo a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, levaranse a cabo as actuacións propostas no plan de restauración e revexetación incluído no tomo II do estudo de impacto ambiental, coas seguintes consideracións:

- As especies a empregar na revexetación deberán corresponderse coas presentes actualmente na zona.
- As plataformas de montaxe deberán ser revexetadas na súa totalidade, podéndose deixar un camiño de acceso á porta do aeroxerador para os vehículos de mantemento.
- Ao finalizar as obras retiraranse as casetas de obra e calquera outra estrutura auxiliar, procedendo á restauración da zona afectada, do mesmo xeito que nas restantes zonas contempladas no plan de restauración.
- No caso de que como consecuencia da execución da rede viaria do parque quede algún camiño ou sendeiro morto que non vaia dar ningún servizo na fase de funcionamento, salvo xustificación en contra deberase reintegrar na paisaxe, revexetándoo en toda a súa extensión.

3.2. Sobre os hábitats naturais

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO ORIBIO.

PROMOTOR: FERGO GALICIA VENTO, S.L.

EMPRAZAMENTO: CONCELLOS DE SAMOS E TRIACASTELA (LUGO).

1. Tendo en conta que o parque eólico proxéctase no espazo denominado “Ancares-Courel”, declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril, e incluído na lista de lugares de importancia comunitaria LIC aprobada pola Decisión da Comisión de 7 de decembro de 2004, prestarase especial atención en non comprometer a persistencia dos hábitats naturais de interese comunitario presentes no polígono do parque, básicamente breixeiras secas europeas, asegurando o seu mantemento ou restablecemento nun estado de conservación favorable, tal como se establece na Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.

Para tal fin, ademais das medidas propostas no estudo de impacto ambiental, teranse en conta as seguintes:

- Co fin de reducir a ocupación ao mínimo imprescindible, a anchura da plataforma dos viais non superará os 6 m, salvo que sexa imprescindible nalgún tramo puntual por razóns de seguridade ou por motivos técnicos (sobreeiro en curvas para facilitar o xiro da maquinaria de transporte ou montaxe).
- A dirección de obra disporá dos planos de distribución dos hábitats presentes e será informada en todo momento das condicións para a súa protección. Asemade, estas zonas deberán ser balizadas previamente ao inicio das obras para evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria fóra das zonas de actuación previstas.
- En calquera caso, deberá corrírse a afección prevista mediante a adopción dunha medida compensatoria consistente en aportar igual ou maior superficie que a afectada polo proxecto, polo tanto igual ou maior que 67.098 m². A parcela que se propoña deberá gardar ademais os seguintes requisitos:
 - Debe estar fóra do LIC pero contigua a este, co fin de compensar a superficie afectada polo proxecto.
 - Debe ser unha parcela en couto redondo.
 - Os hábitats que sustente deben compensar a superficie dos hábitats afectados, ou ben establecer as condicións para a súa adecuada implantación.

Todo o relativo ao desenvolvemento de dita medida deberá estar consensuado e supervisado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

3.3. Fase previa ao inicio das obras

1. Levarase a cabo a campaña preoperacional relativa ao plan de control da calidade das augas, de acordo co previsto no correspondente anexo do estudo ambiental. Os resultados de dita campaña incorporaranse aos informes de seguimento ambiental, tanto os de obra como os de funcionamento se é o caso, para comparalos cos datos obtidos en cada periodo de seguimento.

2. O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo de restauración, de acordo co disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Proponse como importe do aval, que deberá fixar o órgano substantivo, o 1% do orzamento do proxecto. Dita proposta poderá ser revisada se o promotor presenta un presuposto de execución por contrata (que inclúa xustificación de medicións, cadro de prezos unitarios,

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO ORIBIO.

PROMOTOR: FERGO GALICIA VENTO, S.L.

EMPRAZAMENTO: CONCELLOS DE SAMOS E TRIACASTELA (LUGO).

unidades de obra con prezos descompostos, presupostos parciais e presuposto total de execución material) das labores de restauración asociadas á fase de obras que teña en conta o sinalado no punto 3.1.4 e que contemple ademais a implantación das pantallas vexetais ás que se fai referencia nos puntos 3.1.1 e 3.1.2.

Para a fase de desmantelamento e abandono do parque propónse que o órgano substantivo considere a necesidade ou non de fixar un aval que garanta dita fase e, de considerar que non, substituílo por outros mecanismos acordados co promotor, todo elo no ámbito das competencias que posúe para fixar a contía do aval segundo o citado Decreto 455/1996.

3.4. Fases de replanteo e obra

1. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído proposto no estudo ambiental, nesta fase considérase suficiente efectuar unha medición en cada punto de control cando se estean executando obras preto del, e non con carácter trimestral en tódolos puntos como se indica no plan presentado.

Nos resultados das medicións a presentar nos informes de seguimento ambiental deberá figurar, sen detrimento dos percentís L_{90} , L_{50} e L_{10} , o parámetro Leq .

2. Co obxecto de efectuar o seguimento e vixilancia ambiental ao que se refire o punto 2.6 desta DIA, o promotor presentará perante o órgano substantivo, con carácter trimestral durante a execución das obras, un informe de obras co seguinte contido mínimo:

- a) Cronograma de obras actualizado, con tódalas actividades, incluíndo as medidas protectoras e correctoras e indicando, para cada actividade, a porcentaxe de execución respecto ao total. No cronograma figurará a data de actualización.
- b) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído, control da calidade das augas e da rede de drenaxe, seguimento de avifauna e de quirópteros.
- c) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co plan de vixilancia proposto no estudo ambiental (indicando datas das visitas), resultados da aplicación das medidas protectoras, correctoras e compensatorias, incidencias e/ou imprevistos acontecidos, labores de restauración efectuadas, xestión dos residuos de obra, etcétera. O informe reflectirá o cumprimento da Declaración en relación a tódolos aspectos contemplados nela.
- d) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a tódolos compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e plano en planta, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.

3.5. Ao final da fase de obras

1. Co obxecto de efectuar o seguimento e vixilancia ambiental ao que se refire o punto 2.6 da DIA, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, o

promotor presentará perante o órgano substantivo un informe fin de obras co seguinte contido mínimo:

- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e o estado final do parque trala finalización destas, así como resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo das obras e das medidas protectoras e correctoras adoptadas en cumprimento do estudo ambiental e o establecido nesta DIA, incidencias ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, xestión de residuos de obra, etcétera. Descrición detallada do estado final da área afectada en relación a tódolos aspectos contemplados no estudo ambiental e no condicionado da Declaración.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron os aeroxeradores, subestación e edificio de control, estado dos viais, cunetas e drenaxes, gabias do cableado, estado de limpeza da área (en especial da zona destinada a instalacións de obra), zonas onde se efectuaron medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias, etcétera. Nas fotografías indicarse a data e hora, acompañándoas dun plano de localización.
- c) Plano “*as built*”, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflecta a situación real de tódalas instalacións e infraestruturas do parque, así como as zonas onde se realizaron medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias.

3.6. Fase de funcionamento

1. Co obxecto de efectuar o seguimento e vixilancia ambiental ao que se refire o punto 2.6 desta DIA, o promotor remitirá ao órgano substantivo un informe de seguimento ambiental con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento do parque e anual os seguintes. Dito informe incluirá, como mínimo, o seguinte contido:

- a) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído, indicando o número de aeroxeradores en marcha durante a medición.
- b) Resultados do control do funcionamento da rede de drenaxe e, se é o caso, da calidade das augas.
- c) Resultados dos plans de seguimento de avifauna e quirópteros.
- d) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal, estado dos viais, cunetas, plataformas de montaxe, gabias do cableado e aquelas zonas nas que se aplicasen medidas de protección contra a erosión. Detallaranse os controis ambientais efectuados de acordo co plan de vixilancia proposto no estudo ambiental e todos aqueles que se deriven desta DIA, así como a eficacia e evolución das medidas protectoras, correctoras e compensatorias adoptadas. Nas fotografías indicarse a data e hora, acompañándoas dun plano de localización.

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento ou ben a solicitude motivada do promotor, poderase modificar o contido ou a frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores.

3.7. Fase previa ao abandono

No prazo de seis (6) meses previos á finalización da explotación do parque, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento técnico onde se detallen tódalas actuacións necesarias para desmantelar o parque e recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación, contemplando, con carácter xeral, a desmontaxe e retirada dos aerogeneradores e subestación, restauración dos viais creados para uso exclusivo do parque, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas pola desmontaxe. Acompañando a esta documentación presentárase o cronograma estimado de ditas actuacións.

3.8. Fase de abandono

Ao longo da fase de desmantelamento e abandono do parque eólico, unha vez rematada a súa vida útil, levaranse a cabo as actuacións previstas polo promotor en cumprimento do sinalado no apartado anterior.

3.9. Fase posterior ao abandono

Co obxecto de efectuar o seguimento e vixilancia ambiental, o promotor remitirá ao órgano substantivo, no prazo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque, un informe que conteña a descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Acompañarase de reportaxe fotográfica que reflicta o estado final da área, unha vez rematadas as labores de abandono e realizada a oportuna revexetación.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2005

O DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Asdo.: José Manuel Álvarez-Campana Gallo

ANEXO I

RESUMO DO PROXECTO

O proxecto do parque eólico Oribio, promovido pola empresa Fergo Galicia Vento, S.L., consiste na instalación e explotación dun parque eólico composto por 20 aerogeradores e a súa infraestrutura asociada, a instalar nos concellos de Samos e Triacastela (Lugo). Os aerogeradores distribuiranse dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 1 desta Declaración.

Por cuestións de limitación da potencia anual a instalar, o promotor dividiu o proxecto en dúas fases, a primeira de 13 aerogeradores e 25 MW de potencia total (para o que se fai necesario limitar a potencia dun dos aerogeradores a 1 MW) e a segunda con 7 aerogeradores e 14 MW de potencia instalada.

As características básicas do proxecto, considerando as dúas fases, son as seguintes:

- Número de aerogeradores: 20.
- Modelo: Gamesa G-87.
- Potencia nominal unitaria: 2.000 kW.
- Potencia total instalada: 39 MW.
- Altura de torre: 78 m.
- Diámetro de rotor: 86,6 m.

O proxecto contempla asemade a construción dunha subestación transformadora 20/132 kV cun edificio de control anexo, que albergará os equipos de control e mando, a sala de celas eléctricas, un almacén, os vestiarios e un aseo dotado de fosa séptica para a depuración de augas residuais. A liña de evacuación da enerxía producida no parque, a 132 kV, será obxecto de proxecto e estudo ambiental independentes, tal e como se sinala no estudo de impacto ambiental.

A obra civil inclúe a execución duns 4.100 m de viais de acceso e servizo aos aerogeradores e o acondicionamento duns 2.780 m de camiños existentes, cunha anchura de rodadura de 8 m e dotados de cunetas e drenaxes transversais para a recollida e evacuación de augas pluviais. Nestes viais habilitaranse pasos canadenses cando sexa necesario. Asemade, escavaranse uns 7.350 m de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións que interconectará os aerogeradores coa subestación transformadora e o edificio de control do parque.

Segundo a documentación avaliada, a vexetación na área de implantación do parque está composta maiormente por breixeiros secos europeos e breixeiros oromediterráneos endémicos con aliaga, aparecendo en menor medida vexetación pioneira sobre substratos silíceos, bidueiros e outras formacións arboradas con pradairos, canceiros e freixos.

ANEXO II

RESUMO DAS MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS PROPOSTAS NA DOCUMENTACIÓN AVALIADA

No apartado de medidas protectoras e correctoras do estudo ambiental inclúense basicamente as seguintes:

Boas prácticas xerais de obra: Na fase de obras adoptaranse unha serie de medidas preventivas para afectar o menos posible á calidade do aire, auga e solos da zona:

- Mecánica preventiva da maquinaria para evitar derrames de aceites ou combustibles.
- Realización de operacións de limpeza e mantemento da maquinaria en talleres, estacións de servizo ou lugares convenientemente acondicionados (coa superficie impermeabilizada) onde os residuos ou vertidos sexan convenientemente xestionados.
- Limitación das operacións de carga e descarga de materiais, escavacións e movementos de terra aos periodos nos que a velocidade do vento sexa inferior a 10 km/h.
- Rega das superficies sen xeración de vertido líquido, para minimizar a dispersión de po e partículas.
- Redución de produtos de combustión mediante mantemento técnico da maquinaria.

Plan de xestión de vertidos e residuos: Tódolos residuos xerados durante as obras ou na fase de mantemento serán xestionados e almacenados axeitadamente primando, por esta orde, a minimización, a reutilización ou reciclaxe e o vertido. Plan de xestión de aceites usados.

Outras medidas

- A auga que se empregue para as regas e lavados de rodas terá a mellor calidade posible.
- Estudo da intervención sobre a vexetación para a apertura de accesos e viais. Minimizarase ao máximo posible a tala de árbores. Criterios de manexo da vexetación. Retirada de vexetación mediante desbroce.
- Asistencia técnica medioambiental e arqueolóxica na fase de replanteo.
- Cando se produzan achádegos de restos históricos de calquera tipo, interromperanse as obras e se lle comunicará ao director de obra, non debendo reanudar a obra sen previa autorización.
- Restauración das superficies afectadas.
- Evitar sempre a afección directa a cauces, prestando especial atención ás obras que se desenvolvan cerca destes.
- Cumprimento das medidas de protección do solo para evitar erosións e contaminacións das augas.
- Xestionar adecuadamente os residuos sólidos e perigosos e as augas residuais.
- Preservación da vexetación de ribeira.
- Non se acumulará terra nin refugallos de obra ni calquera outro tipo de materiais nas zonas de servidume dos cursos fluviais, para evitar a súa incorporación ás augas no caso de escorregas, chuvias ou crecidas do caudal.
- Evitarase a fabricación de formigón na propia obra, co obxecto de diminuír o risco de contaminación das augas. Asemade, evitaranse vertidos derivados da súa utilización.
- Non se extraerá auga dos regatos para as obras ou abastecemento.

- Calquera alteración ou afección nas zonas de servidume dos cursos de auga precisará da autorización da Confederación Hidrográfica do Norte.
- Xestión de sobrantes de terras.
- Minimizarase o movemento de terras ao máximo.
- As dimensións das plataformas de montaxe, viais e cunetas non sobrepasarán as mínimas requiridas.
- Aporte gradual da auga das drenaxes á rede hídrica, empregando trampas de sedimentos que se limparán con asiduidade, sobre todo na fase de obras.
- En noiros con pendente acusada empregaranse mallas antiescorrega.
- As tarefas de mantemento da maquinaria móbil durante a fase de obras realizaranse en talleres autorizados, eliminando así o risco de derrames accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria, seleccionaranse zonas para a realización destas tarefas, afastadas do cursos de auga e protexendo o solo con materiais impermeables.
- As augas residuais xeradas no edificio de control levaranse a unha fosa séptica.
- Medidas anticolidión de avifauna e quirópteros. Seguimento de colisións.
- Reposición e/ou indemnización de danos, tanto na fase de obras como na de funcionamento.
- Calendario de actuacións acorde coas medidas correctoras.
- Balizamento previo dos elementos a protexer.
- Posta a terra de aeroxeradores e subestación.
- Programa de vixilancia ambiental (ruídos, drenaxes, aves, revexetación...)

As medidas protectoras e correctoras relativas á protección dos elementos do Patrimonio Cultural recóllense na Memoria de Avaliación do Impacto Arqueolóxico, que se presenta como separata ao estudo de impacto ambiental.